

"DIVULGANDO A PÉ DE MAR"

PROXECTO DE "ESTUDO SOBRE AS INTERACCIÓNS CETÁCEOS-PESCA NAS AUGAS DE GALIZA"

Xosé Mtnez Cedeira, Xesús Morales, Xosé A. García e Alfredo López*

A Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños-CEMMA leva máis de vinte anos traballando no estudo, divulgación e conservación dos cetáceos, lobos mariños e tartarugas mariñas en Galiza. Nesta liña, a CEMMA levou a cabo o proxecto "Divulgando a pé de mar" durante os anos 2008-2010 para abordar e estudar a fondo esta cuestión, contando co financiamento da Consellaría do Mar. Posteriormente, nos anos 2009-2011 e dentro do proxecto LIFE+INDEMARES (www.indemares.es) que estivo coordinado pola Fundación Biodiversidad, o traballo estendeuse aos portos de Asturias, Cantabria e Euskadi.

Con este proxecto iniciouse unha liña de traballo e de comunicación directa co sector pesqueiro que permitiu, por unha banda, coñecer en profundidade e avaliar dun xeito adecuado a complexa relación existente entre os cetáceos e a pesca nas augas galegas. E doutra banda, acadar un entendemento e un intercambio de información coa flota pesqueira artesanal, buscando a súa implicación directa na procura de solucións prácticas e efectivas aos problemas causados pola interacción cos cetáceos, que se producen polo feito de compartir as mesmas áreas mariñas. Para conseguir acadar estes obxectivos, traballouse entre setembro de 2008 e decembro de 2010 ao longo de toda a costa galega a través de tres liñas de actuación, nas cales resultou imprescindible contar coa colaboración e participación directa do sector pesqueiro.

No mar de Galiza tense rexistrado a presenza de 22 especies de cetáceos que comparten o seu hábitat cunha importante flota pesqueira formada por máis de 4.500 embarcacións a bordo das cales traballan máis de 20.000 mariñeiros. Esta flota representa o 85% dos barcos de pesca que faenan no caladoiro cantábrico-noroeste, que abrangue as augas litorais comprendidas entre as desembocaduras dos ríos Miño e Bidasoa.

As interaccións que se establecen entre os mamíferos mariños e o sector pesqueiro en Galiza son moi heteroxéneas e complexas. Dependendo, entre outros factores, do tipo de arte de pesca e da especie implicada, os mariñeiros poden resultar beneficiados ou prexudicados pola interacción cos cetáceos na zona de pesca. Por exemplo, poden utilizar certas especies de cetáceos como indicadores da presenza de pesca, ou



Caldeirón común capturado accidentalmente por unha parella de arrastreiros.

poden chegar a sufrir danos e roturas nas súas artes pola acción dos arroaces e golfinhos sobre os peixes xa capturados nas redes, ou ver como a pesca é espantada e afastada da zona na que están a traballar pola presenza e a captura cooperativa dos cetáceos. Respecto aos mamíferos mariños, a situación é semellante. Os animais poden resultar beneficiados por esta actividade humana, aproveitando os lances e faenas pesqueiras para obter alimento de xeito máis doado, ou poden chegar a ser vítimas desta interacción, morrendo asfixiados por captura accidental cando son atrapados nas artes de pesca.

A BORDO DE BARCOS PESQUEIROS


Realizáronse un total de 181 embarques a bordo de barcos de pesca que tiñan base en 36 portos e faenaban con artes de enmalle (miños, betas, xeito, trasmallo), cerco, palangre, arrastre, nasas e bou de vara.

Durante estes embarques rexistráronse un total de 70 avistamentos de 5 especies de cetáceos, sendo a maior parte deles de arroaz e de golfinho común. Nun 60% dos avistamentos, os animais amosaron indiferenza respecto ao barco, aínda que en ocasións, sobre todo no caso do golfinho común, os animais achegáronse á embarcación. Tan só no 33% dos avistamentos o barco se atopaba faenando, coincidindo a maior parte dos rexistros con navegacións. A reacción amosada por parte dos patróns ante os avistamentos foi, na grande maioría dos casos, de total indiferenza cara aos cetáceos.


Os observadores non presenciaron ningunha captura accidental de cetáceos, pero confirmaron que se tiñan producido en moitos dos barcos nos que estiveron traballando. O que puideron observar foron os danos nas redes e o consumo de peixe enmallado por parte dos arroaces en barcos que faenaban con betas. Cabe destacar tamén a forte problemática que se detectou entre esta especie e a flota do xeito, na que incluso se puido comprobar como os xeiteiros botaban petardos ao mar para tratar de afastar os cetáceos das redes. O emprego de sistemas de detección acústica (hidrófonos pasivos e de arrastre) durante os embarques realizados coa flota xeiteira permitiu obter resultados moi interesantes, podendo confirmarse a presenza dos animais nas zonas de pesca pola noite, cando a posibilidade de detección visual é moi reducida.

ENTREVISTAS AOS MARIÑEIROS

Para completar os datos recollidos nos embarques e continuar recompilando información, leváronse a cabo un total de 894 enquisas a mariñeiros en 48 portos ao longo de toda a costa gale-



Percorridos realizados durante os embarques e representación dos avistamentos de cetáceos.



Porcentaxe de avistamento das especies de cetáceos observadas durante os embarques.

ga. Tan só o 30% dos mariñeiros soubo identificar correctamente as especies de cetáceos, a pesares de que o 99% indicou que a súa observación é habitual durante as xornadas de traballo no mar. Segundo comentaron, as especies máis observadas son o arroaz e o golfinho común.

O 53% considerou os cetáceos como elementos prexudiciais, polo impacto económico negativo que provocan sobre a súa actividade profesional. A porcentaxe de mariñeiros que manifestou a necesidade de adoptar medidas para reducir os danos que os cetáceos provocan na pesca foi do 44%, sendo a principal resposta posta en práctica polos patróns o abandono da zona de pesca ante a presenza dos mamíferos mariños.

Respecto ás capturas accidentais nas artes de pesca, o 56% admitiu a súa existencia, indicando que a especie máis afectada é o golfinho común. As principais artes de pesca implicadas nas capturas serían os miños (enmalle) e o arrastre de parella. No caso do cerco, é habitual que os animais queden cercados polo aparello, pero na maior parte dos casos conseguen sobrevivir á captura, sendo axudados polos propios mariñeiros para ser liberados. En base á información recollida, estímase que a mortalidade anual de cetáceos por captura accidental en artes de pesca nas augas de Galiza supera os 3.000 exemplares.

Por último, cabe destacar que, a pesares de que o 57% mariñeiros considerou a pesca como unha actividade prexudicial para o medio mariño, tan só o 28% a considerou negativa para os cetáceos. Este resultado indica moi claramente que o sector non percibe as



Realizando unha enquisa a un mariñeiro en Porto do Son.

capturas accidentais coma unha ameaza para a conservación dos cetáceos.

PROGRAMA DE EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

Tal e como reflicte o título do proxecto, a divulgación e a sensibilización ambiental dirixidas especificamente ao sector pesqueiro foron dous dos alicientes fundamentais deste traballo.

Unha das accións máis importantes foi a realización de xornadas que se levaron a cabo en diferentes confrarías e portos ao longo da costa galega. Nelas impartíronse unha serie de charlas nas que se abordaron distintos aspectos da bioloxía dos cetáceos e a súa relación coa actividade pesqueira. As xornadas remataron coa celebración dunhas mesas redondas nas que os mariñeiros foron os protagonistas, comentando as súas experiencias e expoñendo o seu punto de vista aos membros dos diferentes estamentos e colectivos implicados na conservación do medio mariño.

Cabe destacar tamén a participación nas "Xornadas de limpeza submarina das rías galegas", actividade promovida pola Asociación de Armadores de Artes

Menores de Galicia ASOAR-ARMEGA, que contou coa participación directa do sector pesqueiro.

Todos estes labores de divulgación estiveron apoiados co deseño, edición e distribución dunha serie de materiais didácticos que serviron de apoio aos distintos traballos que se realizaron tanto nos portos como a bordo dos barcos de pesca, entre os que se atopan a edición especial "Os Bolechas queren saber como son os cetáceos da nosa costa", deseñada por Pepe Carreiro, láminas de identificación das especies de cetáceos e aves mariñas, camisetas, autocolantes, trípticos e carteis.

Desde a CEMMA queremos agradecer ás confrarías, asociacións de armadores, Capitanías Marítimas e demais estamentos vencellados ao mundo do mar a súa colaboración na realización deste proxecto, e moi especialmente a todos os mariñeiros que participaron realizando as entrevistas e permitindo a presenza dos observadores a bordos dos seus barcos.

Toda a información recollida ao longo deste proxecto constitúe unha ferramenta fundamental para a posta en marcha de estratexias de conservación dos cetáceos nas augas galegas, e tamén para a posta en valor da propia comunidade pesqueira artesanal, un sector que tamén está ameazado.

Consideramos que é fundamental continuar co labor posto en marcha con este proxecto, xa que no mar hai espazo e recursos para todos.

* Xosé Mtnez Cedeira, Xesús Morales, Xosé A. García e Alfredo López son membros de CEMMA.
+ info: CEMMA, R/ Ceán, nº2, 36.350 Nigrán.
Email: cemma@arrakis.es